



RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA POLA QUE SE DECLARA LOITO OFICIAL POLO TRÁXICO ACCIDENTE DO XOVE LUCAS SEIJO

Como testemuño do pobo de Ares polo falecemento tras o tráxico accidente do xove de 14 anos Lucas Seijo, veciño de Chanteiro, desaparecido o pasado venres e atopado sen vida este mediodía,

Facendo uso das atribucións que me confire o art. 21 da Lei 7/85 de 2 abril, Reguladora das Bases do Réximen Local,

RESOLVO

PRIMEIRO. Declarar tres días de loito oficial a contar desde a sinatura deste decreto, desde as 00,00 horas do día 29 de setembro até as 23,59 horas do día 1 de mes de outubro, durante os cales as bandeiras, en todos os edificios municipais, ondearán a media hasta.

SEGUNDO. Mostrar a condolencia e solidariedade deste Concello e de todos os veciños de Ares á familia de Lucas Seijo.

TERCEIRO. Suspender todos os actos públicos oficiais organizados polo Concello de Ares, durante o tempo que dure o luto oficial.

A Corporación Municipal expresa o seu máis sentido pésame e condolencia á familia e amigos, pola perda do seu ser querido.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

